

**Resolución do 7 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula a convocatoria e selección de centros docentes públicos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para participar na actividade “Semana STEM” dirixida a alumnado de quinto e sexto cursos de educación primaria e primeiro e segundo cursos de educación secundaria obrigatoria.**

O novo marco curricular do sistema educativo galego pon de manifesto a necesidade de que o alumnado adquira competencias que lles permitan habilidades de traballo en equipo e o desenvolvemento do espírito crítico. O alumnado debe aprender cos feitos, observándoos e logo interpretándoos por medio de experimentos e con razoamento rigoroso. Espérase que el mesmo redescubra e comprenda principios fundamentais a través da observación e da propia reflexión.

Faise necesario captar o interese do alumnado, destacar a importancia e a utilidade do que se aprende para resolver problemas nun futuro inmediato e así acadar unha repercusión directa cara a futuras vocacións.

Outro elemento que se considera necesario é impulsar as coñecidas como “vocacións STEM” (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas) e así espertar a motivación do alumnado cara a estudos posteriores nos campos de coñecemento do ámbito científico tecnolóxico, como así o pon de manifesto o “Estudo sobre os factores influentes na elección de estudos científicos, tecnolóxicos, enxeñerías e matemáticas en Galicia” no que se destaca que o índice de titulados non cubrirá a demanda de profesionais nun futuro nestes sectores.

En especial, cómpre o fomento da presenza de rapazas en estudos non obrigatorios relacionados co ámbito STEM. As decisións que se toman sobre a orientación académica fórxase no ensino obrigatorio, polo que un factor determinante podería ser a creación de diversos contornos de aprendizaxe onde se ofrezan modelos próximos e proxectos interesantes que teñan un compoñente de xénero.

Neste senso, a actividade “Semana STEM” pode proporcionar ao alumnado galego un escenario propicio para desenvolver capacidades, coñecementos e técnicas, a través dunha invitación ao descubrimento, que aumente o seu interese por saber, cada vez máis, sobre diversos campos da Ciencia e as súas posibilidades de aplicación na Tecnoloxía.

Esta acción enmárcase na Estratexia Galega de Educación Dixital (Edudixital 2020) da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

De acordo co anteriormente exposto,





## DISPOÑO:

### Primeiro. *Obxecto*

Esta resolución ten como obxecto regular a convocatoria e selección de centros docentes públicos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (en diante, Consellería) para participar na actividade “Semana STEM” dirixida a alumnado de quinto e sexto cursos de educación primaria e primeiro e segundo cursos de educación secundaria obrigatoria durante o ano 2019.

### Segundo. *Ámbito de aplicación*

Poderán participar nesta convocatoria os centros docentes non universitarios públicos da Consellería nos que se impartan ensinanzas de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria.

Cada centro poderá participar cun máximo de 25 alumnos/as, dun mesmo nivel educativo.

### Terceiro. *Obxectivos e programa de actividades*

As actividades ás que se refire esta resolución desenvolveranse de acordo co obxectivo e o programa que se especifica a continuación:

1. O obxectivo principal deste programa é proporcionar ao alumnado unha actividade que lles permita mellorar as súas competencias STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas), a través de actividades non só académicas senón tamén de carácter lúdico-recreativas, que servirán de reforzo ao programa ordinario do currículo do alumnado nas aulas.
2. Os contidos dos cursos inclúen un programa de actividades académicas, de obradoiros, de tempo libre e deportivas. En calquera caso, a finalidade do programa é promover a convivencia entre o alumnado, o traballo en equipo, o aprender facendo mediante un enfoque “*maker*”, a creatividade e a motivación para mellorar as súas competencias STEM.
3. A metodoloxía será activa, lúdica e cooperativa e promoverá aprendizaxes competenciais por parte do alumnado; incidindo no uso seguro das novas tecnoloxías e nos perigos que supoñen o seu uso inadecuado.

### Cuarto. *Duración e datas de realización das actividades*

1. Estas actividades realizaranse en réxime de internado nun lugar de Galicia, en períodos semanais de domingo pola tarde ata o sábado seguinte pola mañá.





2. Levaranse a cabo durante os meses de outubro, novembro ou decembro de 2019, de acordo co seguinte calendario e niveis educativos:

Quendas	Datas	Nº Al.	Curso
1ª	do 13 – 19 outubro 2019	50	5º EP
2ª	do 20 – 26 outubro 2019	50	5º EP
3ª	do 27 outubro – 2 novembro 2019	50	6º EP
4ª	do 3 – 9 novembro 2019	50	6º EP
5ª	do 10 – 16 novembro 2019	50	6º EP
6ª	do 17 – 23 novembro 2019	50	1º ESO
7ª	do 24 – 30 novembro 2019	50	1º ESO
8ª	do 1 – 7 decembro 2019	50	1º ESO
9ª	do 8 – 14 decembro 2019	50	2º ESO

#### Quinto. Organización das actividades

1. A xestión e organización das actividades levaranse a cabo por medio de empresas coa debida cualificación, contratadas para este efecto pola Consellería. A empresa ou as empresas coas que se contraten estas actividades ocuparanse de ofrecer os recursos materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento, así como da contratación da oportuna póliza de seguros para a cobertura das persoas asistentes.

2. Os centros docentes seleccionados solicitarán e custodiarán as autorizacións dos pais, das nais ou persoas titoras legais do alumnado, segundo o modelo que figura no anexo IV. Así mesmo, entregarán aos pais, nais ou persoas titoras legais do alumnado a documentación de participación relativa ao desenvolvemento da actividade que lle será facilitada pola Consellería con anterioridade ao inicio de cada quenda para que sexa presentada, debidamente cuberta e asinada, no momento da entrega do alumnado

3. Os centros que resulten seleccionados enviarán ao Servizo de Formación do Profesorado a listaxe de alumnado participante 15 días antes do comezo da actividade en cada quenda. No caso de producirse, con posterioridade, algún cambio nesa listaxe, deberá comunicarse, o antes posible e por correo electrónico, ao enderezo: [semanastem@edu.xunta.gal](mailto:semanastem@edu.xunta.gal).

4. As familias ou, no seu caso, os centros educativos, encargaranse do traslado do alumnado ao lugar onde se celebrarán as actividades así como da súa recollida ao remate das mesmas. A Consellería e os centros non asumirán os gastos derivados destes desprazamentos.





5. O alumnado estará acompañado por un profesor/a do seu centro con coñecementos STEM adecuados para participar na actividade e apoiar a participación nas actividades do seu alumnado. Este profesorado responsabilizarase da adecuada participación do seu grupo na actividade.

6. O alumnado que contraveña calquera das normas da actividade poderá ser expulsado. Neste caso serán os pais, as nais ou persoas titoras legais os/as que se fagan cargo do traslado do ou da menor.

#### Sexto. *Financiamento das actividades*

1. O financiamento das actividades previstas nesta resolución serán financiadas integramente por esta Consellería con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.423B.640.6 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 por un importe de 315.675,00 euros.

2. O custo total de cada actividade inclúe:

- a. Os monitores ou as monitoras que acompañarán ao alumnado en cada un dos grupos durante a actividade.
- b. Os gastos de docencia e o material técnico e didáctico con que se realicen as actividades STEM.
- c. As actividades culturais, deportivas e complementarias dos cursos.
- d. Os gastos de mantenza e aloxamento do alumnado e profesorado acompañante.
- e. O certificado de realización da actividade.
- f. O seguro de accidente e de responsabilidade civil.

#### Sétimo. *Solicitudes e documentación*

1. Para participar nesta convocatoria, os centros educativos deberán presentar a seguinte documentación:

- a. A solicitude, segundo o anexo I desta resolución.
- b. Certificación de que o Consello Escolar foi informado da participación nesta actividade, segundo o modelo que figura no anexo II.
- c. Proxecto de participación, cun máximo de cinco folios, segundo o modelo que figura no anexo III.

2. Cada centro poderá participar cun máximo de 25 alumnos/as, todos do mesmo nivel educativo.

3. A solicitude e documentación débese presentar en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de novembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Ademais, remitirase ao correo electrónico [semanastem@edu.xunta.gal](mailto:semanastem@edu.xunta.gal) nos prazos establecidos.





4. O prazo para a presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución na web desta Consellería e rematará o 1 de xullo de 2019.

#### Oitavo. *Criterios de selección dos centros*

1. Os centros serán seleccionados conforme os seguintes criterios e puntuación :

- a. Proxecto de participación, ata 15 puntos
- b. Centros que propoñan unha porcentaxe de nenas superior ao porcentaxe existente no curso 2018/19 para o nivel educativo no seu centro, 15 puntos.
- c. Centro participante no “Club de ciencia” durante o curso 18/19 desta Consellería, 5 puntos.
- d. Centro participante no programa de innovación educativa “Introdución á robótica educativa en primaria” durante o curso 2018/19 desta Consellería, 5 puntos.
- e. Centro con materia de libre configuración autonómica “ Programación” para 1º ou 2º de ESO ou materia de libre configuración de centro en 4º ou 6º de educación primaria, relacionada con STEM durante o curso 2018/19; 5 puntos.
- f. Centro E-Dixgal, 5 puntos.
- g. Centro que non resultara beneficiado da Semana STEM 2017, 15 puntos
- h. Centro que non resultara beneficiado da Semana STEM 2018, 15 puntos
- i. Centro en cuxa contorna sociocultural predominen familias de baixo nivel cultural ou economicamente desfavorecidas, minorías étnicas, inmigrantes, entre outros, segundo o establecido a continuación:
  - a. ata o 10% 2,5 puntos.
  - b. entre o 11% e 25%: 5 puntos.
  - c. entre o 26% e 50%: 7,5 puntos.
  - d. máis do 51%: 10 puntos.
- j. Centro situados en concellos rurais, ata 10 puntos, segundo o establecido a seguir:
  - a. Concellos de menos de 1.000 habitantes, 10 puntos.
  - b. Concellos de entre 1.001 e 3.000 habitantes, 7,5 puntos.
  - c. Concellos de entre 3.001 e 5.000 habitantes, 5 puntos.
  - d. Concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes, 2,5 puntos.





2. No caso de empate de puntuación entre os centros o criterio que se utilizará será o de menor número de habitantes do Concello no que está situado o centro, segundo o Instituto Galego de Estatística.

#### Noveno. *Comisión de selección*

1. A comisión de selección estará formada por:

- a. Presidencia: a persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado ou persoa en quen delegue.
- b. Vogais: ata un máximo de catro persoas nomeados pola presidencia da comisión, con categoría asesores/as do Servizo de Formación do Profesorado.
- c. Unha persoa funcionaria da Consellería que actuará como secretaria, con voz e sen voto.

2. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para os efectos de colaborar na valoración dos documentos achegados.

3. Para os efectos previstos no artigo 26.2º do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na administración autonómica de Galicia, esta comisión considérase incluída na categoría 3ª.

#### Décimo. *Resolución*

1. A comisión de selección, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha resolución provisional dos centros admitidos. Esta resolución provisional poderase consultar na web desta Consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>) e figurarán os centros seleccionados, xunto coa quenda que lles corresponde, os centros que quedan como suplentes e os centros excluídos.

2. Os centros solicitantes dispoñen dun prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación na mencionada web, para realizar reclamacións ou renuncias. Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas, e a seguir elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que adoptará a resolución definitiva dos centros seleccionados. Esta resolución definitiva de centros docentes participantes publicarase no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal/>.

3. No caso de non cubrirse o número de prazas nalgunha das quendas, por proposta motivada pola comisión de selección, a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa poderá acordar a redistribución das prazas entre outras quendas e/ou modificar o nivel ao que vai dirixida algunha destas quendas.

4. O prazo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións desta resolución será de tres





meses, e comezará a contar desde o día seguinte ao da data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, os/as interesados/as poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

5. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpor recurso de alzada perante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación na web desta Consellería, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### Décimo primeiro. Memoria e *certificación de participación do profesorado*

1. Tras a finalización da súa participación, o/a profesor/a responsable do grupo deberá elaborar unha memoria avaliativa que trasladará á dirección do centro para o seu visto e prace. A devandita memoria será remitida pola dirección do centro á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, antes do 31 de xaneiro de 2020.

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa facilitará o formulario para a elaboración desta memora que reflicta os seguintes apartados:

- a) Relación nominal (DNI e posto de traballo) do/a profesor/a que asistiu á actividade.
- b) Número de alumnos e alumnas asistentes do seu centro docente.
- c) Repercusión da actividade na mellora da competencia científico-tecnolóxica do alumnado e profesorado participante.
- d) Grao de participación e implicación do alumnado nas actividades STEM.
- e) Adecuación do programa e das actividades programadas á consecución dos obxectivos.
- f) Avaliación dos aspectos técnicos e organizativos da actividade.
- g) Suxestión e propostas de mellora.

2. Despois da avaliación positiva desta memoria, o profesorado que participe neste programa recibirá certificación de innovación educativa, cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado.

#### Décimo segundo. *Difusión do programa*

A presentación a esta convocatoria implicará, no caso dos centros seleccionados, a colaboración nas accións de difusión que se organicen así como a cesión a favor da Consellería dos dereitos de edición dos materiais educativos relacionados co desenvolvemento do programa.

#### Décimo terceiro. *Información básica sobre protección de datos de carácter persoal*

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de





responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no formulario anexo.

3. Os datos serán comunicados ás entidades encargadas do tratamento coa finalidade da xestión das actividades formativas obxecto desta convocatoria.

4. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

5. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

